
A ESCADA VERMELLA

Texto e ilustracións de FERNANDO PÉREZ HERNANDO

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 20 x 20 cm. 36 páx. 12 €.

A escada vermella (galego)

ISBN 978-84-8464-950-2. Demademora.

La escalera roja (castelán)

ISBN 978-84-8464-949-6. Libros para soñar.

A escada vermelha (portugués)

ISBN 978-989-749-047-7. Livros para sonhar.

The red ladder (inglés)

ISBN 978-84-8464-951-9. Books for dreaming.

*Había unha vez un paxaro
que sempre levaba unha escada.*

*Usaba a escada
para subir aos tellados,
para subir ás árbores ...*

Protagonizado por un paxaro inxenuo e un enxeñoso coello, “A escada vermella” é un divertimento para pre-lectores e primeiros lectores que destaca pola sinxeleza da súa proposta estética, figurativa e cun plantexamento secuencial.

Unha parte do relato é acumulativa, en tanto enumera accións e elementos que se repiten de forma consecutiva, en sentido ascendente e descendente, plantexando un xogo mnemotécnico. Contribúe, por tanto, á aprendizaxe de vocabulario, dos antónimos; e introduce cuestións como o tamaño dos obxectos, as distancias ou a lateralidade. Ata un desenlace que une a lóxica e o humor.

Noutro nivel de lectura, relacionado co *nonsense* e co absurdo, a actitude do paxaro ten que ver coa falta de confianza na propia capacidade para acadar un obxectivo. Fernando Pérez Hernando tamén nos propón pensar na esencia das cousas e das persoas, ao lembrarnos a cantidade de complicacións e de rodeos que damos -de aí o carácter simbólico da escada- para conseguir o que poderíamos lograr dunha forma máis sinxela, se tiveramos máis seguridade en nós mesmos.

A modo de fotogramas, as ilustracións -elaboradas con ténpera e lapis- seguen unha pauta cinematográfica. As cores intensas, a alternancia de primeiros planos e planos xerais e as chiscadelas á fantasía, completan esta divertida historia.




-
- **Temática:** confianza para facer o que nos propoñamos.
 - **Idade recomendada:** pre-lectores e primeiros lectores.
 - **Aspectos destacables:** texto breve, ilustracións figurativas; enumeracións, tamaños, distancias, lateralidade; *nonsense*, absurdo; autoestima.
-

Fernando Pérez Hernando

(Valladolid, 1973)

Estudou ilustración na Escola de Artes Aplicadas e Deseño de Valladolid. Completou a súa formación en talleres de gravado e de álbum ilustrado. Realizou traballos de deseño en empresas de reprografía e de comunicación ata que en 2005 participou na creación dun estudo de deseño. Dende 2012 traballa no seu propio proxecto, FerezEstudio, dedicado ao deseño e á ilustración. Tamén imparte obradoiros infantís de ilustración. “A escada vermella” é o seu segundo libro. <http://elabuelopinta.blogspot.com.es>
<http://www.behance.net/elabuelopinta>



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
